

SOLUCIÓNS ACTIVIDADES 3º ESO

SEMANA 20-24 ABRIL

1ª SESIÓN: Autocorrección a partir do solucionario proporcionado.

2ª SESIÓN:

1. Nestes poemas aparecen moitas palabras polisémicas. Escolle o significado que resulte máis acaído para estas no seu contexto.

Resistência (verso 5): civís organizados/as militarmente para resistir e atacar un exército de ocupación.

Mudar (v. 9): facer ou sufrir alteración.

Empregar (v. 5): facer uso de algo.

Preventas (v. 9): calquera tipo de beneficio.

Procederá (v. 11): realizar algo dun modo determinado.

Difunde (v. 17): dar a coñecer algo a un gran número de persoas.

2. Identifica o tema de cada texto. Que teñen en común as dúas composicións?

Os dous poemas tratan sobre a posibilidade que a poesía ofrece de presentar un pensamento alternativo, isto é, de como a poesía nos axuda a ser máis libres.

3. Por que pensas que os poemas se titulan “Top Secret” e “Hoax”? Suxire un título alternativo para cada un deles.

O primeiro está escrito como se se tratase dunha misión entre espías; de aí o seu título, “Top Secret”. No segundo, un *hoax* é un engano, un embuste, o cal se relaciona directamente co enfoque do tema dentro do poema.

Resposta aberta.

4. Cal é a estrutura de cada composición? É posíbel dividir cada unha en introdución, nó e desenlace?

No primeiro poema podemos marcar claramente a introdución (desde o verso 1 até o verso 16, en que se fai a presentación do asunto e se dan consellos de discreción), o nó (desde o verso 17 até o verso 30 no cal se concreta a misión a realizar) e o desenlace (desde o verso 31 até o final do poema, en que se realiza a advertencia da pronta destrución do poema

que vai ficar novamente encerrado dentro dun libro de poesía onde, por tanto, ninguén voltará a saber del).

No segundo poema a estrutura resulta máis variábel, dado que se trata dun texto publicado en rede e que, por tanto, está destinado a permitir múltiples lecturas. Non obstante, tamén é posíbel delimitarmos unha introdución (desde o verso 1 até o verso 10, en que se presenta o problema existente co suposto virus), un nó (desde o verso 10 até o verso 15, en que se indican as instrucións a seguir para eliminar o virus) e un desenlace (constituído polos versos 16 e 17, en que se lanza a mensaxe final de que é preciso salvar a poesía).

Visto que se trata de poemas cunha estrutura libre, pode admitirse outro modelo sempre que se asente no contido de cada un dos poemas e que estea ben xustificado.

5. Localiza en calquera dos textos fragmentos que se correspondan con estas etiquetas.

Un encontro secreto á media noite. ("Top Secret", verso 17) Un rapto. ("Top Secret", versos 20-21) O comezo dun correo electrónico. ("Hoax", verso 1) Unhas instrucións. ("Hoax", versos 13-15)

6. En "Top Secret" fálase dunha misión; cal é e en que consiste?

En primeiro lugar, hai que liberar á independencia: a misión xeral consiste en obter "Justiça, Independência, Liberdade." (verso 30).

3ª SESIÓN:

1. Lede o breve texto xunto co poema de Manuel María. Realizade estas actividades relacionadas co mesmo:

- **Localiza os substantivos presentes no soneto de Manuel María e clasifícaos (común, concreto....)**

Substantivos comúns, concretos, contábeis, individuais: casa, contorno, muro, universo, vida, niño, fronteiras.

Substantivos abstractos: paciencia, sentidiño, quentura, estado, matria, patria, fundamento, drama, herdo, alento, forza.

- **Identifica tamén os adxectivos e sinala a que substantivo modifican.**

En *vermello* os adxectivos e en *negro e subliñados* os substantivos aos que modifican.

contorno *amurallado*

muro *antergo e pequeniño*

feliz universo *desexado*

contorno ben *cercado*

a vida que corría de *mansiño* (o adxectivo forma parte dunha frase preposicional que modifica ao verbo. Como corría a vida?: de mansiño, sosegadamente, lentamente.)

quentura *tépida*

ríxidas fronteiras

desacougante drama(..) *alegre* ás veces, outra *tristurento*

último alento

- **Explica brevemente coas túas palabras que valor ten para o poeta a súa casa.**
- **Bota un ollo á imaxe da esquerda. Como a interpretas? Imaxina que es publicista ou deseñador/a gráfico/a Que metáfora visual crearías ti para representares a situación que estamos a vivir agora? Explícaa. Se che gusta debuxar representaa cunha ilustración.**

Estamos agardando as vosas reflexións, non esquezades enviárnolas.